

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVO-FAMILIAR NO ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

Que a Asociación Educando en Familia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2012/016918- e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E5914 e ten entre as súas funcións a orientación ás mulleres no seo familiar, a colaboración e coordinación coas distintas institucións e axentes e profesionais dos ámbitos sanitarios, sociais e educativos, avanzar na igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas e educar na igualdade a homes e mulleres.

A asociación Educando en Familia ao abeiro deste convenio, leva a cabo o desenvolvemento as seguintes actuacións:

- a) Orientar ás familias de forma individual a través de espazos de traballo no que se poidan abordar as problemáticas e dificultades na crianza.
- b) Ofrecer espazos educativos, de encontro e intercambio de experiencias ás familias co fin de profundar sobre a educación dos nenos e as nenas e poder así dar unha resposta axustada á educación nesta etapa evolutiva, así como actividades educativas para os nenos/as encamiñadas a desenvolver as súas capacidade e habilidades atendendo ás características do grupo, idade e nivel de maduración.
- c) Actuar como mediadores na abordaxe das problemáticas que se poidan detectar a nivel familiar e no seu caso derivar ás familias a outros recursos co fin de atender necesidades concretas.
- d) Colaborar con profesionais das distintas administración na posta en común e planificación así como na organización do traballo a realizar coas familias.

A Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, está interesada en apoiar estas actuacións mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

As actividades concretas deste programa van dirixidas a familias con fillos/as de idades comprendidas entre 0 e 6 anos así como ás nais xestantes, dando prioridade ás mulleres inmigrantes e todas aquelas que se atopen en situación de risco ou exclusión social ofrecendo servizos de orientación individual, orientación grupal así como de mediación familiar, en colaboración e coordinación con profesionais de distintas institucións. Deste xeito, ofrecen



recursos ás familias e acompañanas no seu proceso de crianza.

A Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Educando en Familia pretenden colaborar nesta ocasión para consolidar unha actuación que leva a cabo da asociación dende o ano 2014, para o que conta cun grupo de educadoras que realizan unha labor de acompañamento socioeducativo ás familias da Terra Chá e a Mariña Lucense.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

-Datos económicos

O custo total do programa é o seguinte:

COSTE DO PROGRAMA	
COSTE LABORAL ANUAL	83.358,12€
SEGURO RC	405,00 €
PAXINA WEB	100,43€
CHARLAS FORMATIVAS PEDAGOGA	3.000,00 €
ASESORÍA FISCAL	5.142,50 €
ASESORÍA LABORAL	1.143,37 €
MATERIAL DIDÁCTICO	600,00 €
DEVOLUCIÓN DE PRÉSTAMOS	18.000 ,00€
COMISIONS BANCARIAS	200,00€
ACTIVIDADES VARIAS	9.000, 00€
ACTIVIDADES LÚDICAS	2.100,00 €
TOTAL	123.049,42 €



O financiamento do programa ven detallado na seguinte táboa:

ORGANISMOS PÚBLICOS(¹⁾)	ACHEGA ANUAL AO PROGRAMA
C.POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	40.000,00 €
DEPUTACIÓN DE LUGO	17.000,00€
CONCELLO DE GUITIRIZ	4.600,00 €
CONCELLO DE BEGONTE	3.000,00 €
CONCELLO DE XERMADE	3.000,00 €
CONCELLO DE OUTEIRO DE REI	2.700,00 €
CONCELLO DE CASTRO DE REI	3.000,00 €
CONCELLO DE RIBADEO	4.000,00 €
CONCELLO DE ALFOZ	1.000,00 €
CONCELLO DE BARREIROS	2.000,00 €
CONCELLO DE FOZ	4.000,00 €
CONCELLO DE MONDOÑEDO	4.000,00 €
CONCELLO DE RIOTORTO	2.000,00 €
CONCELLO DE O VALADOURO	1.500,00€
CONCELLO DE O VICEDO	3.500,00 €
CONCELLO DE XOVE	3.500,00 €
CONCELLO DE OUROL	700,00 €
CONCELLO DE CERVO	4.000,00 €
IMPORTE ASUMIDO POLA ASOCIACIÓN	19.949,42 €
TOTAL ANUAL	123.049,42 €

(¹)A entidade ten pendente a resolución de concesión ou non de subvencións por parte dos concellos de Vilalba, Burela e Viveiro antes de rematar o ano.

O convenio financiarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2026.

Aplicación orzamentaria	Importe
08.02.312B.481.0	40.000€

O seguinte cadro reflicte a comparativa entre os gastos subvencionables con cargo ao convenio 2025, e os previstos para o ano 2026.

||
||
||

O convenio inclúe gastos correspondentes ás charlas formativas impartidas por unha profesional que presta os seus servizos en réxime de actividade autónoma, mediante contratación baixo a modalidade de arrendamento de servizos profesionais, emitindo a correspondente factura polos traballos realizados. Dita profesional desenvolverá durante os meses de maio e xuño diversas charlas pedagóxicas de carácter formativo e compensatorio co fin de completar as actuacións do programa tendo en conta a baixa dunha profesional.

O custo do dito persoal, con especificación do imputado ao convenio, ven desagregado na táboa seguinte:

PREVISIÓN COSTES LABORAIS ANO 2026 POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE									
TRABALLADOR	CONCEPTO	(A) SEG.SOC.T RAB.	(B) IRPF	(C) LIQUIDO	(A+B+C) IMP. BRUTO	(D) SE. SOC. EMP.	(A+B+C+D) CUSTE	% POL. SOC	Imputado a Política Social
MESTRA1	Nómina xaneiro	174,49 €	510,07 €	2.000,00 €	2.684,56 €	863,09 €	3.547,65 €	44,00	1.560,97 €
	Nómina Febreiro	174,49 €	510,07 €	2.000,00 €	2.684,56 €	863,09 €	3.547,65 €	44,00	1.560,97 €
	Nómina Marzo	174,49 €	510,07 €	2.000,00 €	2.684,56 €	863,09 €	3.547,65 €	44,00	1.560,97 €
	Nómina Abril	174,49 €	510,07 €	2.000,00 €	2.684,56 €	863,09 €	3.547,65 €	44,00	1.560,97 €
	Nómina Maio	174,49 €	510,07 €	2.000,00 €	2.684,56 €				



	TOTAL	109,10 €	318,80 €	1.250,00 €	1.677,90 €	539,30 €	2.217,20 €		- €
MESTRA 4	Nómina xaneiro	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €	1.193,90 €	44,00	525,32 €
	Nómina Febreiro	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €	1.193,90 €	44,00	525,32 €
	Nómina Marzo	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €	1.193,90 €	44,00	525,32 €
	Nómina Abril	89,92 €	27,46 €	1.255,42 €	1.372,80 €	457,82 €	1.830,62 €	44,00	805,47 €
	TOTAL	265,84 €	81,19 €	3.711,70 €	4.058,73 €	1.353,59 €	5.412,32 €		2.381,42 €
MESTRA 5(pte contrato)	Nómina Setembro	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €	1.193,90 €	44,00	525,32 €
	Nómina Outubro	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €	1.193,90 €	44,00	525,32 €
	Nómina Novembro	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €	1.193,90 €	44,00	525,32 €
	Nómina Diciembre	58,64 €	17,91 €	818,76 €	895,31 €	298,59 €			



OBXECTIVO ESTRATÉGICO E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.

OBXECTIVO OPERATIVO 0003 - Programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalados para este ano no dito proxecto 2016-174 “Programa de apoio ás familias” son:

P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes) - 430

P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) -470

Os indicadores previstos para o ano 2026 no programa de intervención educativo familiar desenvolvido pola asociación Educando en Familia, son os seguintes:

- Menores e familias beneficiarias do programa (homes)

Nenos 204

Familias (homes) 351

- Menores e familias beneficiarias do programa (mulleres)

Nenas 168

Familias (mulleres) 347

- **Territorialización**

O proxecto desenvólvese na provincia de Lugo, sendo beneficiarias familias da Terra Chá e da Mariña Lucense.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre